Esta é unha mirada que observa e escoita atentamente aos nenos e as nenas sen xuízos para que poidan ser eles mesmos e para que poidan desenvolver ao máximo o seu potencial. Esta maneira de mirar e acompañar aos nenos e as nenas claramente inflúe na nosa relación con eles. É un acompañamento que intenta ser respectuoso e que busca constantemente que a actividade das crianzas sexa de dentro para fora, é dicir, que xurda dende o seu propio interese e que deste modo, cada neno e nena poida explorar e desenvolver a súa creatividade. Neste mesmo sentido buscamos que as crianzas tomen decisións e escollan que queren aprender, durante canto tempo, con quen, con cal material... entendendo que estes aspectos son fundamentais para a súa aprendizaxe. Dende esta forma de traballar se fomenta claramente a autonomía das crianzas e a propia autorregulación, aspecto importantísimo para o seu desenvolvemento.

Buscamos tamén respectar os tempos de cada neno e nena que lle son propios. Por iso, intentamos ofrecer sempre propostas suficientemente abertas para que cada quen as desenvolva dende o seu nivel e o seu tempo propio. Buscamos tamén os tempos lentos para que as crianzas vivan a aprendizaxe como algo positivo e que garante o seu benestar. Sen agobios, sen presas que nos leven a estresarnos e enfadarnos e a vivir a proposta sen poder desfrutala.

Para coñecer unha cousa, o neno necesita pasar polo proceso de comprendela e iso só é posible actuando sobre ela. Por iso tamén entendemos que esta aprendizaxe constrúese dende unha serie de conexións que se fan dende diferentes linguaxes e áreas. Non ten moito sentido para nós compartimentar as aprendizaxes, áreas ou linguaxes, como algo que non se relaciona entre si. Entender o mundo a través da súa complexidade e a través de vivencias diversas que se conectan entre si, dá sentido a súa realidade. Buscando todo aquilo que ten relación coa vida, todo o que ten sentido dentro do contexto do neno e

que é funcional e significativo para el. Non utilizamos libros de texto porque para nós uniformizan e descontextualizan a aprendizaxe. Buscamos constantemente a vivencia de diversas e ricas experiencias que nutran a curiosidade propia de cada neno e nena.

Unha frase que para nós ten moito sentido sería “tocar o mundo para entendelo” e dende aquí, observando moitos momentos do traballo das crianzas nos diferentes espazos que preparamos vemos como constantemente tocan materiais diversos que lles dan información sobre o mundo en xeral e sobre aprendizaxes concretos en particular. Isto obsérvase en calquera dos espazos polos que os nenos e as nenas circulan libremente. Este curso ademais consolidamos un traballo que xa comezou hai dous cursos en relación ao xogo e que ten moita relación con este aspecto de tocar o mundo para entendelo. Creamos unha aula que chamamos de “Minimundos”. Nesta aula as crianzas teñen unhas estruturas sobre as que xogan (incluíndo auga e area) con todo tipo de materiais non estruturados tipo: botóns, chapas, pedras, cunchas, cassettes, piñas, castañas, bobinas de fío, madeiras... E así moitísimo material que as nenas e os nenos exploran, clasifican, tocan, constrúen, transforman... E que claramente, permítelles facer un traballo global onde entran aspectos das matemáticas, da lingua, das ciencias, das artes plásticas. E unha provocación en toda regra a desenvolver a súa creatividade e imaxinación a través da creación de símbolos, historias e mundos imaxinados. Para nós o xogo é unha necesidade auténtica das crianzas que a escola ten que garantir e permitir. É un mecanismo biolóxico a través del cal aprenden e apreenden o mundo. Mediante o xogo poden explorar, probar tantas veces como queiran e poden elaborar todas aquelas vivencias e situacións que viven e que as veces non poden entender nese momento e precisan xogalas. É un aspecto tan importante para a infancia que xa en 1959 a Asemblea Xeran da ONU estableceu o dereito dos nenos e as nenas a xogar. E nós o contemplamos e dámoslle o lugar que lle corresponde dentro da escola.

Concrecións metodolóxicas en Matemáticas

Os diferentes aspectos das matemáticas trabállanse de maneira manipulativa e lúdica e o alumno é o protagonista activo da súa aprendizaxe. A aprendizaxe matemática como dicía María Montessori vai do concreto ao abstracto e por iso utilizamos todo tipo de material concreto coa intención que as crianzas xeren imaxes que lles axuden a ter unha idea concreta de aquilo que queremos que aprendan.

Entendendo que cada neno ten unha forma de achegarse a cada aprendizaxe e que non todos os materiais serven de igual forma para cada neno, procuramos ter diferentes materiais que permitan diferentes aproximacións e xeren diferentes imaxes. Desta forma cada neno escollerá aquel que máis se

axuste as súas necesidades. E isto irá sucedendo sobre todo a través da confianza que lle iremos transmitindo respecto as súas posibilidades e a súa evolución.

Para o traballo dos diferentes aspectos e estándares da área de matemáticas contarase tanto con material non estruturado (o espazo de Minimundos ten un gran contido matemático e conta con moitísimo material deste tipo) como material máis estruturado como material Montessori o Waldorf, xogos educativos, etc.

Concrecións metodolóxicas en Lingua Castelá e Galega.

Baseámonos nunha aprendizaxe funcional e competencial das linguas. Aínda que no primeiro trimestre é necesaria unha aprendizaxe da lectoescritura máis baseada en exercicios de discriminación fonolóxica, conciencia fonolóxica, e grafomotricidade, pretendemos que sempre haxa una motivación funcional para ler e escribir. No segundo e terceiro trimestre afianzarase esta lectoescritura, comprensión oral e escrita, así como a discriminación e conciencia fonolóxica e a grafomotricidade, a través de actividades que fomenten a súa participación de maneira experimental, lúdica e motivadora.

Un aspecto prioritario será potenciar a escritura espontánea dos nenos e as nenas a través da función social que teñen moitos textos. Evitaremos corrixir os seus escritos porque sobre todo o que queremos é que confíen en que poden facelo e en que pouco a pouco irán mellorando. Da mesma forma, é importante que todos sintan que poden escribir e aportar, cada un dende onde estea, aínda que sexa a través de debuxos porque aínda non está nunha etapa da escrita que lle permita comunicarse a través das letras ou non poida ler o que escribe. Sempre atoparemos a maneira de que cada neno poida expresarse por escrito e poida ler sentíndose competente. Podemos ler un conto interpretando os debuxos que aparecen e iso animálles a ter interese por ir avanzando nestas aprendizaxes.

Ao comezo do curso farase unha avaliación inicial para situar as crianzas na etapa da escrita que están e para observar en que momento da lectura se atopan.

Para nós será moi importante o intercambio de mensaxes entre as crianzas. Cada un deles terá un caixón co seu nome onde os demais poderán meter as mensaxes que queiran achegarlle. Cremos que esta dinámica e compartir lecturas e outros aspectos na asemblea, compartindo con todos os demais ten un potencial increíble á hora de conseguir os obxectivos desta área.

Tamén darémoslle importancia a todos eses usos funcionais da lectoescritura como comunicarse co entorno (outros cursos, outros nenos da escola ou doutras escolas...), facer notas, intervencións no entorno (patio, parques, saídas...) e un largo etcétera.

Na aula de Minimundos as crianzas tamén teñen a oportunidade de traballar moitos destes aspectos xa que xerarán moita linguaxe, moitos símbolos (un pau pode ser calquera cousa imaxinada polo neno) e moitas historias que nalgún momento poderán explicar de forma oral ao resto de compañeiros e compañeiras ou poderán concretar a través da lingua escrita.

Concrecións metodolóxicas en Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais

Tomando como punto de partida o Proxecto de Centro deste curso escolar: OS DEPORTES, os contidos de ámbalas dúas áreas, relacionaranse cos doutras áreas polo que se potenciará un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias. Os estándares serán traballados a partir da realización de tarefas que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, biodiversidade, etc.), onde o alumnado avance no desempeño das competencias clave ao longo da etapa, elixindo en cada caso a metodoloxía axeitada en función das necesidades.

Moitos dos contidos destas áreas traballaranse tamén a través do xogo libre, espontáneo e non estruturado na aula de Minimundos.

Tamén para estas áreas será fundamental o traballo e colaboración coas familias que virán á aula a facer algunha actividade co grupo. Para nós é fundamental a presenza e a colaboración con elas. A súa presenza tamén está a través de fotografías e de pequenas ou grandes pegadas que poden deixar a través das súas visitas as reunións de nais e pais (pequenas intervencións no espazo da aula) ou pequenos agasallos ou aportacións que fagan ao grupo.

Para o deseño das aulas tamén contamos coa colaboración das familias, sobre todo de aquelas que teñen máis habilidade coas mans e que se senten comprometidas co traballo que realizamos.

Ademais o curso pasado iniciamos un Proxecto que continuamos este curso sobre Patios Vivos no que entre outras cousas e sobre todo buscamos a relación dos nenos e as nenas coa natureza a través da creación de estruturas de xogo “vivas” como un túnel de vimbio o de outras moitas feitas con materiais naturais (especialmente a madeira) descartando o plástico. Neste proxecto contamos e queremos continuar contando coa colaboración das familias

e para nós ten unha relación moi directa con estas áreas xa que hai un espazo de asemblea que se pode utilizar para facer calquera clase, onde cada vez hai máis posibilidades de xogo rico, diverso e axustado ás necesidades das crianzas, reducindo moito os conflitos e achegando a natureza aos nenos e nenas. Pode ser e é un espazo de observación directa de moitos dos aspectos e contidos que se traballan nestas áreas.

Concrecións metodolóxicas en Educación Plástica

Esta área impártese en lingua inglesa. Preténdese que oralmente sexa un estímulo constante para a familiarización do alumnado con esta lingua incorporándose a esta de forma natural, con apoio de imaxes e presentacións que faciliten a comprensión das tarefas que se van levar a cabo. Este curso as producións artísticas do alumnado xirarán en torno ao Proxecto de centro.

Pero ademais, dentro dos espazos preparados dentro da aula hai un dedicado a traballar estes aspectos e que está moi dotado de material como barro, pintura, acuarelas, pinceis, tesoiras, pegamentos, papeis de diferentes cores e tamaños... Todo a disposición dos nenos e nenas para que fagan un uso libre del dentro da aula en diferentes momentos e sempre accesible.

Tamén na aula de Minimundos é un espazo para traballar os aspectos que se refiren máis á creatividade e a combinación e usos diversos dos materiais. Neste espazo ademais deixamos unha mesa na que as crianzas poidan debuxar a súa historia ou construción e que pouco a pouco poderá ir evolucionando ata outras maneiras de representación ou expresión. Hai follas, rotuladores, tesoiras...

Metodoloxía empregada durante o estado de alarma. Vías de comunicación coas familias.

Durante este período non presencial, a comunicación coas familias efectuouse a través da aplicación Abalar móbil.

Nos primeiros quince días, enviamos documentación informando dos contidos que estabamos a traballar na aula nese momento, a fin de orientar sobre aquelas aprendizaxes que podían repasar nas súas casas, e con exemplos de propostas moi abertas que xa facíamos na aula, tipo inventar historias, escribir mensaxes, receitas, ler contos, etc.

Este tipo de propostas tiveron e teñen por obxectivo continuar o traballo que estabamos a facer na aula, tentando manter a metodoloxía de partida. E sempre dende unha perspectiva lúdica, motivadora, e que non resulte, dentro da súa medida, difícil de abordar no ámbito familiar. Para iso tamén, os vídeos ou documentos que se enviaban e envían eran e son moi didácticos e claros, a través da explicación do uso de material aberto que toda casa ten, para que a forma de achegarse ás aprendizaxes na casa, fora e sexa o máis coherente posible coa forma de traballalos na aula.

Por outra banda, o centro puxo á nosa disposición unha conta de correo co fin de manter un contacto máis directo e persoal. A partir de aí, fomos enviando cada día unha proposta aberta, susceptibles de ser adaptadas a cada neno ou nena en función das súas posibilidades, que non requirise impresión de documentos, e que se puidese transmitir por medio dunha fotografía, vídeo, etc. Aínda que, evidentemente, non pode ser a mesma, porque partimos sobre todo da necesidade de manipular moitos materiais e da relación e contacto entre os nenos e as nenas.

Tamén fixemos uso do servizo de fotocopias que puxo a disposición o Concello, para aqueles casos particulares que o precisaron, mentres non tiveron conexión a internet ou dificultades para dispoñer de medios. Tamén se enviou dende o centro, material dixital a estas familias, ademais de materiais funxibles.

De todas maneiras, observamos que a maior ou menor participación do alumnado, está estreitamente relacionada, ou ben, coa fenda dixital ou co descoñecemento do uso dos medios informáticos, ou ben, polo tempo dispoñible das familias para a atención dos nenos e nenas debido a circunstancias

persoais, laborais e familiares de cada unha, ademais do contexto económico e social da familia que inflúe decisivamente na capacidade das familias de acompañar ao neno ou nena, e nos estímulos que recibe

Aínda así, a resposta das familias ás propostas enviadas, en xeral, foi positiva, polo menos no que atinxe ás áreas da titoría.

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Matemáticas

- Regretas, taboleiros de operacións diversas, tangrams, rectas numéricas, balanza numérica, taboleiro de 100, cintas métricas, reloxos, moedas, billetes, corpos xeométricos...
 - Caixa de sumar y restar e caixa de transformación.
 - Material Montessori: táboa de multiplicar, tarxetas de descomposición de números...
 - Regletas.
 - Material de base 10.
 - Bloques lóxicos + tarxetas.
 - Policubos.
 - Materiais diversos de construción para o traballo da xeometría: materiais de madeira, sistema Lupo cedido durante un tempo polo CFR de Vigo...
 - Material natural e non estruturado (paus, pedras, piñas, chapas, fabas)
 - Xogos de mesa diversos en relación á numeración, á xeometría...
 - Laminas, pósters, tarxetas, cartas...
 - Programas informáticos específicos.
 - Materiais de medida: báscula, metro, recipientes para medición de líquidos...
 - Moedas e billetes.
- E un largo etcétera.

Lingua Castelá e Galega.

- Libros de lectura, libro viaxeiro, textos para dramatizacións, recursos audiovisuais, xornais, revistas, exemplares de prensa.
- Tarxetas cos nomes dos nenos e nenas.
- Abecedarios de diferentes tipos.
- Letras móbiles de diferentes tipos.
- Letras de lixa.
- Botes para enviar mensaxes.
- Caixa de sons.
- Botes de palabras.
- Regra para debuxar letras.
- Tarxetas para asociar imaxe e palabra.
- Programas informáticos específicos.

Ciencias Naturais e Ciencias Sociais.

- Libros de lectura e consulta.
- Aula de Minimundos (materiais non estruturados e construción)
- Globo terráqueo e mapamundi.
- Materiais diversos para experimentos.
- Insectos diversos para observar.
- Esqueleto.
- Tarxetas tipo Montessori.
- Obxectos diversos de óptica ou outros que alimenten a curiosidade dos nenos e as nenas: calidoscopios, ollos de mosca...
- Recursos audiovisuais.

- Xogos educativos.
- Programas informáticos específicos.
- E un largo etcétera.

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

8.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Tendo en conta a **ORDE do 9 de xuño de 2016**, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, a avaliación ten como finalidades a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado e o exercicio da práctica docente. A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave e considérase integrada no proceso de ensino e aprendizaxe e na actividade ordinaria da aula, converténdose nun referente tanto para valorar o progreso do alumnado como a mellora continua do proceso educativo e punto de referencia para a adopción das medidas de atención á diversidade.

Polo tanto, os referentes para avaliar serán:

- ✓ O grao de adquisición dos estándares de aprendizaxe definidos en cada área e, concretados a través dos indicadores de logro.
- ✓ O grao de consecución dos estándares de aprendizaxe das distintas áreas relacionadas coas competencias básicas.

A avaliación será realizada en tres momentos:

1ª Ao comezar farase unha **avaliación inicial** como función diagnóstica, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión axeitada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave

2ª Ó longo do curso, como función formativa, farase a **avaliación continua** revisando o nivel de consecución dos estándares marcados na programación e analizando datos de toda índole (procedementos utilizados, metodoloxía, reforzos necesarios...) a través de tres sesións de avaliación, unha por cada trimestre.

3ª A avaliación **final**, ao rematar o curso, en que valorará o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe, tendo en conta os indicadores de logro. Aquí a información acumulada anteriormente axudará a tomar decisións sobre a promoción do alumnado, os cambios que serán necesarios introducir no proceso educativo, a orientación á familia, etc.

Os diferentes **procedementos** e **instrumentos** que se empregarán, para obter unha nota para cada alumno ou alumna, están recollidos nesta programación. Cada estándar ten asociado o procedemento e instrumento de avaliación máis axeitado ás características do contido e competencia a avaliar. *(Ver táboa do punto 5 desta programación).*

Debido á situación provocada polo Covid-19 e que fai que non haxa clases presenciais dende antes de acabar o 2º trimestre, a avaliación e cualificación deste 3º trimestre realizarase sobre as aprendizaxes presenciais desenvolvidas durante o 1º e 2º trimestre de curso.

As actividades de repaso e reforzo realizadas dende a declaración do estado de alarma polo **Real Decreto 463/2020** consideraranse sempre e cando beneficien ao alumnado.

8.1. CRITERIOS CUALIFICACIÓN

Os **criterios de cualificación** son os que a continuación se especifican nas seguintes porcentaxes:

Criterios de cualificación	Porcentaxe
Traballo diario de clase: autonomía persoal, creatividade, resolución de problemas, realización das tarefas.	40%

Actitude: Interese, participación, colaboración, esforzo.	40 %
Valoración de contidos	20%

8.2. CRITERIOS PROMOCIÓN

En relación á **promoción** do alumno ou alumna, o equipo docente, decidirá sobre a mesma, tendo en conta os criterios de avaliación, e tomando especialmente a consideración e o criterio da persoa titora.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional, e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Por regra xeral, tomaremos como referente para decidir sobre a promoción ou non, o grao mínimo de consecución dos estándares prioritarios marcados nas áreas instrumentais (indicador mínimo de logro), así como o nivel de desenvolvemento das competencias clave vinculadas con estas áreas.

Ademais, tamén se terán en conta outros aspectos, como o nivel madurativo, a integración social, os posibles danos emocionais, etc.

Estándares prioritarios das áreas instrumentais (indicador mínimo de logro):

Áreas de linguas

- ✓ Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións acordes ao seu nivel madurativo.
- ✓ Aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera de quendas.
- ✓ Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando, de xeito global, o valor comunicativo destes

- ✓ Participa activamente en diversas situacións de comunicación axeitadas ao seu nivel madurativo: - diálogos -exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.
- ✓ Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel madurativo.
- ✓ Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social
- ✓ Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.
- ✓ Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos, do ámbito escolar e social, de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas
- ✓ Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- ✓ Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.
- ✓ Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.
- ✓ Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil.
- ✓ Identifica o tema dun texto sinxelo
- ✓ Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.
- ✓ Dedicar, de xeito guiado, momentos de lecer para a lectura voluntaria
- ✓ Coida, conserva e organiza os seus libros.
- ✓ Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios
- ✓ Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante co contido.
- ✓ Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.
- ✓ Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante co contido.
- ✓ Utiliza os signos de puntuación (punto) e as normas ortográficas (maiúsculas) propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos.
- ✓ Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.
- ✓ Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.
- ✓ Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.

Área de Matemáticas

- ✓ Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.
- ✓ Le, escribe e ordena números ata o 999.
- ✓ Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta (sen levadas) e iníciase na realización de sumas e restas con levadas na resolución de problemas contextualizados.
- ✓ Resolve operacións sinxelas con cálculo mental.
- ✓ Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados de forma manipulativa.
- ✓ Reflexiona de forma guiada sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.
- ✓ Reflexiona, con axuda, sobre o proceso seguido na resolución de problemas, revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.
- ✓ Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.
- ✓ Reflexiona oralmente e manipulativamente sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto con axuda e seguindo unhas pautas establecidas.

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

AVALIACIÓN DO PROCESO	SÍ	NON	OBSERVACIÓNS
Actividades contextualizadas			
Actividades motivadoras			
Atención a diversidade de alumnos			
Adecuación de agrupamentos			

Adecuación de tempos			
Adecuación de recursos			
Uso de TICs			
Aspectos que se deben mellorar			
Aspectos a incorporar			

10. DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Tal e como recolle a *Orde do 9 de Xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa Educación Primaria no Comunidade Autónoma de Galicia*, durante o primeiro mes de cada curso escolar a persoa titora realizará unha **avaliación inicial**.

A intención desta Avaliación Inicial, é a de proporcionar ao Centro, ao titor/a e ao equipo docente, un instrumento de avaliación das capacidades e coñecementos con que conta o alumnado que se incorpora a este curso de Primaria, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave.

É importante ter en conta que o carácter continuo da avaliación é consecuencia do concepto de avaliación inicial, avaliación procesual e avaliación final como procesos imprescindibles e complementarios, destacando que, en realidade, cada avaliación final é tamén unha avaliación inicial que indica onde se poñerán os maiores esforzos no seguinte proceso.

Por iso, a través da avaliación, que terá carácter continuo e formativo, o profesorado recollerá a información de maneira permanente acerca da metodoloxía de ensino e da aprendizaxe dos seus alumnos con especial atención ao grao de adquisición dos estándares de aprendizaxe avaliábeles.

Os Obxectivos que se pretenden son:

- a) Detectar as características que unha aula ou a maioría dos seus alumnos teñen ao comezar o curso nos contidos das distintas áreas.

- b) Saber que alumnos teñen dificultades de aprendizaxe dende principio de curso e cales son as súas carencias para posteriormente realizar un programa de traballo adaptado ás súas necesidades.
- c) Coñecer as peculiaridades de todo un curso, para implantar programas preventivos e diminuír os problemas de aprendizaxe.
- d) Informar aos pais e nais sobre a situación inicial dos seus fillos para implicar á familia no proceso educativo.
- e) Adoptar medidas de Atención á Diversidade.
- f) Enlazar as aprendizaxes dos alumnos na etapa de educación infantil cos que se necesitan ao comezo da etapa primaria.

As recomendacións para o seu desenvolvemento son

A avaliación inicial debe recabar a información que se deriva do curso anterior. Dita información deberá basearse, polo menos, en:

1. **Acta de asistencia a avaliación final do curso anterior**, tendo en conta os acordos tomados.
2. **Acta de avaliación final de áreas** (resultados académicos do grupo clase do curso anterior).
3. **Informes individuais de áreas** baseados na adquisición dos estándares imprescindibles do curso anterior.
4. **Informes** elaborados para aqueles alumnos que asisten a **PT e AL**.
5. Calquera outra información transmitida pola familia, Departamento de Orientación...

A información extraída da avaliación inicial deberá ser do **grupo-clase** en xeral e do **alumnado** en particular.

O deseño da avaliación inicial:

Estará fundamentada, nos estándares imprescindibles ou prioritarios das áreas do curso anterior.

Os instrumentos de avaliación que se utilizarán para levar a cabo a avaliación inicial serán:

- Listas de control

- Escalas de observación
- Análise de producións orais e escritas

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Prestarase especial atención ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), é dicir, ao alumnos que segundo o *Capítulo I, artículo 71 da Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación tras a modificación da Lei Orgánica 8/2013 do 9 de febreiro para a Mellora da Calidade Educativa*, son os que: “que requiren dunha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar”.

Polo tanto, conxuntamente entre a titora e o Departamento de Orientación acordaranse unha serie de medidas de atención á diversidade para o alumnado. Seguindo o *Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación*, enténdense por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas se clasifican en ordinarias e extraordinarias.

A identificación e valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma o máis temperá posible. Así adoptaremos as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

Con carácter xeral, os mecanismos de reforzo, poñeranse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, e poderán ser tanto **organizativos** como **curriculares**. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario ou as adaptacións do currículo.

Tendo en conta as necesidades deste grupo de alumnos, as medidas que tomaremos en principio serán as seguintes:

MEDIDAS ORDINARIAS	
Organizativas	Curriculares
Materiais e recursos didácticos diferenciados, diversificados e manipulativos. Organización dos tempos de traballo en agrupamentos diversos para desenvolver as diferentes capacidades. Profesorado de dispoñibilidade horaria para horas de apoio dentro da aula.	O alumnado está distribuído en grupos de traballo cooperativo. Ensinanza titorizada, alumno guía, e axuda entre iguais. Adaptación dos instrumentos e procedementos de avaliación. Adaptación de materiais: manipulativos e visuais.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS	
Organizativas	Curriculares
Apoio das especialistas de PT e AL.	Non hai.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Debemos sinalar, en primeiro lugar, que as actividades Complementarias e Extraescolares que realizaremos ao longo do presente curso 2018-2019, estarán recollidas na PXA. Teremos en conta as conmemoracións que veñen recollidas na orde **ORDE do 28 de maio de 2018 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2018/19, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.**

A selección e organización das actividades complementarias deste curso acordadas no nivel son.

Primeiro Trimestre: Actividade de piragüismo en Vilaboa con monitores.

Segundo Trimestre: Subida ao Monte da Peneda.

Terceiro Trimestre: Praia de Cesantes.

Fin de curso: Saída a o parque de aventuras de Marín e o parque dos sentidos ou similar. Aínda temos que acabar de concretar.

Todos os venres do curso: Obradoiros interniveis.

Ademais farase unha actividade de “Danzas do Mundo” con Lena Ullrich sen concretar o momento en que se fará.

E unha vez ao mes aproximadamente iríamos ao Parque de Loureiro que está preto da escola e que permite traballar coas crianzas moitos aspectos, entre outros moitos referido co Coñecemento da Contorna máis próxima.

13. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Dende unha perspectiva ampla, a avaliación da propia programación podería presentar tres momentos diferenciados:

- a. A comprobación de que a planificación se fixo correctamente e se concretaron as unidades de programación con todos os elementos curriculares prescritivos incluídos.
- b. O segundo momento alude á reorientación continua derivada da aplicación na aula da programación didáctica.

O docente, en coordinación co equipo didáctico, e dentro dos órganos de coordinación docente, analizará a adecuación da programación didáctica ao contexto específico do grupo-clase. A partir de devandita análise estableceranse as medidas de mellora que se consideren oportunas. As opinións do

alumnado a través das súas autoavaliacións ou as postas en común son tamén unha referencia importante para unha valoración máis participativa e compartida do proceso de ensino e aprendizaxe.

- c. Por último, tras a aplicación total da programación, cando se teña unha mellor perspectiva completárase cos resultados das avaliacións interna e externa do alumnado.

A conxunción dos tres momentos xera suficiente información fiable e válida para emitir xuízos de valor que dean soporte á función formativa da avaliación, e permitan , se fose necesario, reconducir, e mellorar as programacións, os seus procesos de aplicación e os resultados da súa posta en marcha.

ASPECTOS SUSCEPTIBLES DE ANALIZAR COMO PARTE DA REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	0	1	2	3	4
Organizáronse e secuenciáronse os estándares de aprendizaxe avaliábeis en relación á programación nos tres trimestres					
Definíronse os indicadores de logro vinculados aos estándares de aprendizaxe					
Determináronse os estándares de aprendizaxe imprescindibles					
Asociáronse os estándares de aprendizaxe avaliábeis, os instrumentos de avaliación e indicadores de logro.					
Deseñouse a avaliación inicial e definíronse as consecuencias dos seus resultados					
Medidas de atención á diversidade relacionadas co grupo específico de alumnos: Tivéronse en conta co grupo específico de alumnos medidas xerais de intervención educativa					
Medidas de atención á diversidade relacionadas co grupo específico de alumnos: Contempláronse as medidas específicas de intervención educativa propostas para os alumnos con necesidade específica de apoio educativo.					
Medidas de atención á diversidade relacionadas co grupo específico de alumnos: Realizouse adaptación curricular de áreas ou materias aos alumnos que tivesen autorizada dita medida específica extraordinaria.					

Medidas de atención á diversidade relacionadas co grupo específico de alumnos: Realizouse enriquecemento curricular de áreas ou materias aos alumnos que tivesen autorizada dita medida específica extraordinaria					
Definíronse programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación ao alumnado vinculados aos estándares de aprendizaxe.					
Avaliouse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación propostos ao alumnado.					
Preséntanse desde a área estratexias para a animación á lectura e o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita					
Consideración de medidas para incorporar as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe					
Aplícase a metodoloxía didáctica acordada no equipo didáctico a nivel de organización, recursos didácticos, agrupamento do alumnado, etc.					
Vinculación das unidades de programación con situacións reais, significativas, funcionais e motivantes para o alumnado					
Identifícase en cada instrumento de avaliación a súa vinculación cos estándares de aprendizaxe					
Relaciónanse procedementos e instrumentos de avaliación variados					
Os estándares imprescindibles están identificados en diferentes unidades de programación e instrumentos de avaliación diversos.					
Información ás familias e ao alumnado dos estándares de aprendizaxe, criterios, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e estándares imprescindibles					
Realizouse unha análise dos recursos didácticos para o alumnado					
Coordinación entre o equipo docente mediante reunións periódicas					
Coordinación do profesorado a nivel vertical: outros cursos e etapas					
Tratamento preciso dos temas transversais nas diferentes unidades de programación.					
Actividades extraescolares e complementarias					

